



## **BOLSA 'NACHO MIRÁS' PARA XORNALISTAS NOVEIS**

### **Bases IX Edición**

#### **1. A bolsa**

Con esta iniciativa, organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e patrocinada por Abanca, as devanditas entidades pretenden apoiar proxectos xornalísticos de novos e novas tituladas en Ciencias da Comunicación ou Xornalismo. O proxecto conta tamén coa colaboración da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

O obxectivo é que os e as xornalistas que acaban de saír da facultade teñan unha posibilidade real para poder pór en marcha proxectos profesionais que sen financiamento non poderían ver a luz.

Esta iniciativa leva o nome do xornalista, colexiado do CPXG e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC Nacho Mirás, que sempre defendeu a valía dos e das xornalistas noveis, o espírito de facerse valer, de formase o máximo posible e defender así o posto de informador, de xornalista.

Esta bolsa pretende ser un pequeno empuxe para eles e elas, para que atopen o seu camiño profesional.

#### **2. Condicións xerais**

- 2.1. Poderán concorrer a esta convocatoria xornalistas que teñan rematada a titulación nos últimos anos (2024, 2023, 2022, 2021 e 2020) en **Xornalismo ou Comunicación Audiovisual** e que formalicen a súa inscrición de acordo co disposto nestas bases. Quen remate en 2024 terá que certificar o seu título o **1 de outubro de 2024**, como data límite.
- 2.2. Os proxectos terán que ser **orixinais e de nova creación**.
- 2.3. Os proxectos non poden ter outro tipo de financiamento nin privado nin público, polo menos durante o tempo que dure a concesión da bolsa.
- 2.4. Os proxectos xurdidos de Traballos de Fin de Grao (TFG) ou os Traballos de Fin de Máster (TFM) poderán ser presentados sempre que cumpran o resto de condicións.
- 2.5. Tamén poderán concorrer os proxectos iniciados como máximo seis meses antes da publicación desta convocatoria.
- 2.6. Os traballos poderán ser presentados por unha ou varias persoas, sempre e cando todas cumpran o punto 2.1. Terá que quedar indicado o papel que realiza cada integrante no proxecto.
- 2.7. O traballo proposto é aberto. Poderase entregar calquera xénero xornalístico (reportaxe escrita, proxectos de radio, audiovisual ou fotográficos, ou relacionados coas novas tecnoloxías), iniciativa para un novo medio ou proxecto que teña como finalidade a información e a comunicación.



### **3. Prazo e condicións da solicitude das bolsas**

- 3.1. O prazo de recepción das propostas abrirase no momento da publicación destas bases e rematará o **15 de xullo de 2024**.
- 3.2. A documentación presentada realizarase de acordo coa documentación especificada no punto 4.
- 3.3. Só se aceptarán as propostas que entren dentro do prazo de recepción.
- 3.4. Cada participante poderá presentar un único proxecto.

### **4. Presentación das solicitudes e valoracións**

- 4.1. A presentación das solicitudes farase de acordo coa seguinte documentación:
  - 4.1.1. Formulario de inscrición, onde figurarán os datos do proxecto e persoa/s solicitante/s.
  - 4.1.2. Fotocopia do título en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual, ou copia do expediente académico para os e as estudantes do último curso.
  - 4.1.3. Breve descrición do proxecto, orzamento e nota sobre a autoría, que poderá acompañarse dun breve currículo de cada membro do equipo (non máis dun folio por persoa)
  - 4.1.4. Descrición do proxecto e cronograma de traballo, acompañado dunha memoria de non máis de dous folios, con polo menos os seguintes apartados: datos xerais, persoas beneficiarias do proxecto, execución, impacto e liñas de continuidade. Inclúense os anexos que se consideren oportunos.
  - 4.1.5. Orzamento estimado, detallando as partidas que se van precisar.
  - 4.1.6. Viabilidade do proxecto durante un período de tres anos.
  - 4.1.7. Declaración de non ter concedida ningunha axuda máis no momento de solicitar a bolsa.
  - 4.1.8. A documentación enviarase dentro do prazo establecido por correo electrónico a [xornalistas@xornalistas.gal](mailto:xornalistas@xornalistas.gal).
- 4.2. Os membros do xurado valorarán todas aquelas características que consideren que poden destacar para un proxecto xornalístico, tendo en conta tamén os seguintes puntos:
  - 4.2.1. A orixinalidade.
  - 4.2.2. Que poida supor unha solución profesional para as persoas solicitantes e a viabilidade futura do proxecto.
  - 4.2.3. Calidade do proxecto e impacto social.
  - 4.2.4. Que o proxecto se materialice en galego.
  - 4.2.5. Ser membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

### **5. Xurado**

- 5.1 A organización designará un xurado que decidirá cales son os proxectos seleccionados. Estará formado por tres membros da Xunta de Goberno do CPXG, un dos cales exercerá como secretario/a, unha persoa representante de Abanca, unha representante da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e dous ou tres xornalistas en activo.
- 5.2 O xurado poderá facer, se así o estima oportuno, unha preselección e solicitar máis información ou concrecións sobre os proxectos presentados.
- 5.3 O fallo do xurado darase a coñecer nas semanas seguintes á data límite de recepción de propostas.
- 5.4 Os prazos de presentación de traballos ou fallo poderán ser ampliados polo xurado, se así o consideran.
- 5.5 A participación nesta convocatoria implica a autorización ao CPXG e a Abanca para a utilización do material na difusión das bolsas.
- 5.6 O CPXG e Abanca resérvanse o dereito a publicar a relación das obras seleccionadas, a información correspondente ás mesmas e o nome e apelido das súas autoras ou autores por calquera medio que estimen conveniente.
- 5.7 Os traballos quedarán depositados na organización.
- 5.8 A decisión do xurado será inapelable.



## 6. Contía

- 6.1. A contía da bolsa é de **6.000 euros**. O xurado determinará cal é o proxecto gañador entre todos os presentados. A bolsa poderá ser dividida só se o xurado considera que entre os proxectos presentados algúns teñen unha valía parella ou ningún é merecedor da totalidade.
- 6.2. De acordo coa normativa vixente, a entrega da bolsa constitúe un rendemento suxeito ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), do seu perceptor ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador ou pagadora.

## 7. O proxecto final

- 7.1. Os proxectos seleccionados materializaranse coas seguintes condicións:
  - 7.1.1. Os proxectos teñen que ser rematados antes do **28 de febreiro de 2025**. Este prazo poderá ampliarse previa solicitude xustificada e aprobación do xurado.
  - 7.1.2. Nese prazo, a persoa autora do proxecto presentará á organización o traballo rematado así como unha memoria explicativa do proceso de produción e/ou realización do mesmo.
- 7.2. Pagamento. O abono da bolsa realizarase en dúas fases.
  - 7.2.1. O 50% no momento de ser concedida.
  - 7.2.2. O 50% á entrega do proxecto rematado.
- 7.3. Seguimento
  - 7.3.1. A persoa ou persoas responsables da iniciativa comprométese a completar o proxecto no prazo previsto e de non ser así, e de non ter solicitada ampliación do prazo, terán que devolver á organización as cantidades xa percibidas.
  - 7.3.2. A organización resérvase o dereito de convocar á persoa ou persoas responsables do proxecto para que presenten un informe de estado do proxecto en calquera momento.
  - 7.3.3. Para a liberación do segundo prazo da bolsa, haberá que entregar a correspondente xustificación dos gastos do proxecto a través das facturas, recibos e/ou xustificantes correspondentes. O non cumprimento desta condición pode derivar na modificación das cantidades a percibir (minoracións) ou da non liberación do pagamento.
- 7.4. O proxecto seleccionado será:
  - 7.4.1. Publicado na web da organización.
  - 7.4.2. Divulgado como estime oportuno o xurado.
  - 7.4.3. Cedido aos medios, previa solicitude á organización e comunicación á persoa gañadora.
  - 7.4.4. Publicado ou divulgado en medios propostos pola persoa gañadora, previa comunicación á organización
- 7.5. O proxecto finalizado deberá indicar, en todos os seus soportes, que obtivo a 'Bolsa Nacho Mirás para xornalistas noveis'.
- 7.6. O xurado resérvase o dereito a rexeitar calquera proxecto que non se axuste ao redactado na solicitude do mesmo.

## 8. Outras normas

- 8.1. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases, que serán depositadas ante notario.
- 8.2. Non serán admitidas as propostas que non cumpran os anteriores requisitos.
- 8.3. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- 8.4. Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas polo xurado ou a comisión organizadora.



## FORMULARIO DE INSCRICIÓN

### NOME DO PROXECTO

### AUTOR-A /ES-AS

Representante do Colectivo		Titulación da que se adxunta copia	Nº Colex. <i>(se procede)</i>
Resto de membros do grupo		Titulacións das que se adxunta copias	Nº Colex. <i>(se procede)</i>

### DATOS DE CONTACTO

Teléfono / Móbil

Correo electrónico

Enderezo Postal

### TIPO DE PROXECTO

- Prensa escrita   
  Radio   
  Audiovisual   
  Fotográfico   
  Web   
  Redes Sociais  
 Medio de Comunicación   
  Empresa de comunicación   
  Formación   
  Iniciativa social  
 Outros (especificar): \_\_\_\_\_

### IDIOMA/S NO QUE SE MATERIALIZARÁ O PROXECTO

**A participación na presente convocatoria implica a aceptación das bases do proxecto**

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**Sinatura autor-a / Representante**



**BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO**

--

**ORZAMENTO TOTAL**

--

**PAPEL DE CADA COMPOÑENTE DO EQUIPO**

--

**BENEFICIARIOS DO PROXECTO / POBOACIÓN Á QUE VAI DIRIXIDA**

--

**IMPACTO SOCIAL**

--



**MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO**

Empty space for the explanatory memorandum content.



**CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN**

Empty space for the execution schedule.







**SOBRE OS/AS AUTORAS**

**DECLARACIÓN DE NON TER CONCEDIDA NINGUNHA OUTRA AXUDA**

**Autor-a / Representante do Colectivo:**

\_\_\_\_\_ CO

**DNI** \_\_\_\_\_

**declara** non ter recibido ningunha outra subvención ou axuda de entidade privada ou pública para o proxecto presentado.

Santiago de Compostela, de de 2024

Asdo. \_\_\_\_\_